

# SENDAS DE PEQUENO PERCORRIDO DE VIGO



Homologado por:



Concello de Vigo

Concellaría de Medio Ambiente

## Presentación

Vigo conta cun contorno privilexiado para a práctica do sendarismo. Sen saír do municipio un pode gozar de paisaxes naturais e artísticas mentres se pon en forma. É a alquimia perfecta entre naturaleza, cultura e equilibrio físico e mental.

Neste folleto incluímos 3 das 4 rutas homologadas que transcorren case na súa totalidade polo municipio de Vigo.

Estas rutas son ideais para pasar o día dunha maneira distinta, ben cunha ruta suave de apenas dúas horas, ou ben camiñando unha longa tarde case rozando o ceo de Vigo.

Esperamos que esta pequena guía lles sirva de axuda na súa andaina e de aliciente para coñecer varias das zonas más singulares de Vigo.



## Clasificación das sendas

**Gran percorrido (GR):** son aquelas que se estenden, como mínimo, nunha lonxitude de 50 Km.

**Pequeno percorrido (PR-G):** son aquelas sendas de Galicia que non superan os 50 Km.

Así mesmo, dentro dos percorridos de sendarismo poden, á súa vez, distinguirse as seguintes modalidades:

**Derivacións:** aqueles percorridos que se separan dunha senda para acadar un punto determinado (cumio de montaña, poboación, estación, refuxio, etc.), de forma que, para retornar ao itinerario principal, cómpre desandar o camiño.

**Variantes:** son aqueles percorridos alternativos que saen dun GR ou dun PRG para retornar a el noutro punto diferente. A súa denominación é a mesma con outro número a continuación (Ex: GR 53.1).

## Máis información

**Federación Galega de Montañismo,** r/ Luis Ksado nº 17, CP 36209, VIGO (Pontevedra). Tfno. 986 20 87 58

**Oficina de Turismo do Concello de Vigo,** r/ Teófilo Llorente nº 5, CP 36201, VIGO (Pontevedra). Tfno. 986 22 47 57 e-mail: [turismo.apedra@vigo.org](mailto:turismo.apedra@vigo.org)

**Clube Montañeiros Celtas,** Avda. Camelias, 78 - oficina K, CP 36211 VIGO (Pontevedra). Telf. 986 43 85 05

## SENDA PR-G 1 Galiñeiro

### Información xeral

**LONXITUDE:** 8,6 Km.

**DURACIÓN ESTIMADA:** 3 - 4 horas.

**DIFICULTADE:** Media - alta.

**CONEXIÓN:** Cos sendeiros GR 53, 58 e co PR-G 2.

**ACESOS:** Na estrada de Vigo a Gondomar PO-330, preto da encrucillada coa estrada Vigo-Porriño, deterémonos á altura da Pasaxe.

Tomando como punto de referencia a gasolinera sita nesa encrucillada, encamiñámonos cara á cervexería próxima e continuamos por esta beirarrúa uns 5 minutos, até chegar a unha canteira e a continuación a unha pista ascendente de terra, onde comezamos a nosa andadura.

**PERCORRIDO:** A Pasaxe, Galiñeiro, Presa de Zamáns, A Pasaxe.

**CARTOGRAFÍA IGN 1:25.000:** Nº 261-I Baiona e 261-II O Porriño.

### Descripción do percorrido

A ruta do Galiñeiro transcorre de forma circular polo monte do mesmo nome.

Nesta camiñada a través da parroquia gondomareña de Vincios e a viguesa San Mamede de Zamáns polos montes arborados, de mato e rochas, existe unha avifauna singular (aves rapaces coma o gabán). Incluso podemos encontrar cabalos salvaxes.

Ao pouco de comenzar a camiñada desembocamos nunha agradable e ampla zona chá, cunha fonte e un regato.

Seguimos ascendendo, chegamos a unha ancha pista que tomamos xirando á esquerda até que, ao pasar unha curva, abandonámola para adentrarnos no bosque por un camiño de carros.

Alcanzamos o fermoso Parque Forestal do Galiñeiro, no que podemos gañar forzas para ascender ao cumio.

Retornando á ruta, neste punto comeza o treito más duro. Subimos por detrás da fonte e atopámonos co refuxio de Miguel Regueira, onde comeza o sendeiro PR-G 2 Aloia.

Continuamos o ascenso até o cumio. Neste treito, máis que sendarismo facemos "trekking", e non nos extrañamos ao toparnos cunha zona utilizada como escola de escalada.

Unha vez no alto, tomamos un camiño á dereita e en escasos dez minutos podemos acadar o cumio do Galiñeiro (a 701 metros sobre o nivel do mar).

Esta extraordinaria panorámica, a vista de

paxaro, sobre o Val Miñor, Zamáns, Vigo e o Val do Louro recompensa con creces o noso esforzo.

Segundo as marcas da senda descubrimos os restos do muro de defensa dun castro que os historiadores sitúan neste cumio.

Iniciamos o descenso pola ladeira, cara a unha pista que temos á vista.

Ao alcanzala, tomamos á esquerda en sentido descendente ate confluir noutra pista que tomaremos á dereita.

Antes de chegar a un gran bloque de pedra e unha antena de telefonía, abandonamos a pista e dirixímonos por un camiño á nosa esquerda.

O carreiro achéganos ao embalse de Zamáns, de onde bebe parte da cidade de Vigo e onde tomamos a senda de pescadores que conduce á presa.

Despídenos o Muíño de Maquiás e o seu fermoso contorno.

Neste punto poderíamos enlazar cos grandes percorridos GR 53 e GR 58.

Axiña alcanzamos a estrada PO-331 e o noso percorrido pola naturaleza remata porque temos que descender por esta estrada durante 2,3 Km, até o punto de partida da senda.



## SENDA PR-G 5 Eifonso

### Información xeral

**LONXITUDE:** 4 Km.

**DURACIÓN ESTIMADA:** 1.30 - 2 horas.

**DIFICULTADE:** Media - baixa.

**CONEXIÓN:** Co GR 53 e GR 58.

**ACESOS:** A senda comeza na estrada de Bembrive a Beade, no lugar de Mourelle, a 50 m da ponte sobre o río Eifonso. Un sinal (nunha curva da estrada) márcanos o punto de inicio do itinerario. O autobús C6 tamén nos achega até aquí.

Outra opción sería partir do Parque Forestal de Beade, accedendo pola avda. de Madrid, tomando a saída 663 Cabral-Universidade, ou tamén podémonos acercar dende Zamáns, collendo a estrada de Marcosende.

**PERCORRIDO:** Mourelle, muíño, ponte e encrucillada de camiños, camiño do muíño, muíño, muíños da Ferrolana, ermida de San Cibrán, Camiño da "Fraga", pista forestal, Bene Vivere, Parque forestal de Beade.

**CARTOGRAFÍA IGN 1:25.000:** Nº 223-III Vigo.

## Descripción do percorrido

A senda do Eifonso atópase na parroquia de Bembrive, no concello de Vigo. Debe o seu nome ao río que transcorre polo itinerario, xa que discorre en gran parte paralelo á marxe esquerda do río Eifonso, un dos principais afluentes do Lagares.

O contorno é unha combinación de bosque autóctono, de ribeira e en menor medida de piñeiro e eucalipto.

Arranca a ruta dominando o río. Principalmente vemos na beira oposta un vello muíño que resiste ao paso do tempo. Observamos outro muíño e, más adiante, a senda desemboca nun espléndido recanto do río con fervenzas e muíños nas marxes.

Do outro lado observamos "a levada", que levaba a auga ao muíño que acabamos de deixar atrás.

Nunha encrucillada de camiños continuaremos de fronte por unha pequena senda. O trazado condúcenos a un camiño de carro.

Ascendemos até chegar á ermida de San Cibrán, onde o contorno convida e tomar un respiro.

Ao final dunha chaira e antes de iniciar unha pronunciada subida, o itinerario segue por un camiño á esquerda e prosegue por bosque, gañando altura até chegar a unha ampla pista. Seguimos o trazado que parte á dereita, cara á fraga.

Non falta neste carreiro reminiscencias do pasado, xa que ao noso paso pola fraga descubrimos os vestixios dun antigo asentamento humano, "Bene Vivere", onde aínda se conservan camiños lousados.

Na encrucillada de pistas que nos encontramos a continuación proseguimos á esquerda. Ao chegar ao final do traxecto, dende o miradoiro do Parque Forestal de Beade, podemos observar as terras do Val do Fragoso.

Se senten mágoa de que remate esta fermosa senda, poden continuar dende aquí polas rutas GR 53 e GR 58.

## SENDA PR-G 9 Alba-Outeiros

### Información xeral

**LONXITUDE:** 12 Km.

**DURACIÓN ESTIMADA:** 4 horas.

**DIFICULTADE:** Baixa. Aconsellamos empezar pola Garrida xa que, desta forma, realizaríamos a senda costa abajo.

**CONEXIÓN:** Co GR 53, 58.

**ACESOS:** Dirixíndonos pola PO-330 de Vigo a Gondomar, empeza a ruta na encrucillada da Garrida (Valadares), na estrada de Vigo a Vincios (Km 7).

Tamén podemos iniciar a ruta no extremo oposto, xunto a Igrexa Románica de Coruxo, no cruce entre a Estrada de Camposancos (PO-552) e a Rúa do Colexio; indicador cara a Chandebrito.

**PERCORRIDO:** Parque forestal Alba-Cepudo, cima do monte Alba, Chandebrito (Nigrán), Outeiro Grande, Área de Recreo de Fragoso, Capela de San Sebastián, Muíños de Pedrerías e Igrexa Románica de Coruxo.

**CARTOGRAFÍA IGN 1:25.000:** Nº 223-III Vigo, 261-I Baiona.

## Descripción do percorrido

Esta senda discorre polos montes Alba, Cepudo e Outeiros, espléndidos miradoiros sobre a Ría de Vigo e Baiona.

Comeza a ruta gañando altura mentres bordeamos o monte Cepudo.

Accedemos á cima do monte Alba (a 508 m), onde gozamos dunha espectacular panorámica do Val do Fragoso, a cidade de Vigo e a súa ría. Neste cumio, alzáse unha ermida, na que se venera a Nosa Señora da Alba e a San Bartolomé, lugar onde hai indicios da antiga fortificación medieval "Castelo do Alba", pertencente á casa de Valadares.

Os sinais condúcenos a Chandebrito, onde nos adentramos na Galicia profunda e auténtica, e onde a paisaxe se funde cos numerosos elementos da arquitectura típica do rural galego, construcións para o gando, muíños de auga e hórreos. Tampoco sería estranxo atoparse con cabalos salvaxes.

A harmónica convivencia entre presente e pasado en Chandebrito apréciase ademais no castro situado no alto da localidade, no que aínda se distinguen o foxo e a muralla defensiva.

Deixando atrás esta fermosa localidade, dirixímonos aos Outeiros e proseguimos polas proximidades do Outeiro grande, preto do cumio.

Volvendo sobre os nosos pasos, tomamos unha pista e baixamos até a área de Recreo de Fragoso.

A pista conflúe na capela de San Sebastián (recentemente remodelada). Fronte a ermida desvíamonos 100 m aproximadamente, se queremos coñecer un dos petróglifos de Fragoso.

Volvendo sobre os nosos pasos dirixímonos aos muíños de Pedrerías (conxunto de muíños en ruínas pero con curiosos detalles arquitectónicos).

Seguimos o cauce do río, até o colexio de Tintureira e baixamos a estrada Vigo-Baiona (PO-551), onde finaliza a nosa ruta na igrexa de San Salvador de Coruxo, a máis destacada de Vigo, de orixe románica (século XII).



novocantorno

2007

3ª revisión Colaboración textos - Pilar Ciges e Soledad García



Concello de Vigo

Concellaría de Medio Ambiente

# SENDAS DE PEQUENO PERCORRIDO DE VIGO

PR-G 1 PR-G 5 PR-G 9

